

I CONCURSO DE CHÍOS POLA IGUALDADE



Co gallo do 8 de marzo, Día Internacional das Mulleres, a Concellería de Igualdade do Concello do Grove convoca a primeira edición do **concurso chíos (tweets) pola igualdade**, cuxa finalidade é incrementar a concienciación e sensibilizar a poboación, nomeadamente a xente máis nova.

O concurso consistirá no envío de mensaxes, lemas ou expresións relacionadas coa igualdade de xénero a través de Twitter, cunha extensión máxima de 140 caracteres.

Os chíos (tweets) estarán escritos en lingua galega e terán que enviarse a través de Twitter.

Cada chíio que participe no concurso deberá incluír a etiqueta (hashtag) #IgualdadeOGrove8M e unha mención a @IgualdadeOGrove (<https://twitter.com/IgualdadeOGrove>).

PARTICIPANTES

Poderá participar nesta convocatoria, **cun só chíio (tweet)**, calquera persoa empadroadada no Concello do Grove.

PRAZO DE PRESENTACIÓN

O envío dos chíos poderá realizarse desde o 20 de febreiro ata o 4 de marzo de 2014 ás 23.59 h.

PROCEDEMENTO

Os chíos (tweets) deberán enviarse a través de Twitter, e cada chíio que participe no concurso deberá incluír a etiqueta (hashtag) #IgualdadeOGrove8M e unha mención a @IgualdadeOGrove (<https://twitter.com/IgualdadeOGrove>).

A Concellería de Igualdade nomeará un xurado integrado por cinco persoas, que será o encargado de avaliar a orixinalidade dos chíos.

O 6 de marzo a Concellería de Igualdade publicará na páxina web do Concello do Grove (www.concellodogrove.com) os chíos premiados. As autoras e autores dos chíos deberán enviar un correo electrónico cos seus datos, no prazo de 24 horas, á conta de correo igualdadeogrove8m@gmail.com para identificarse e aceptar expresamente o premio. Se transcorrido ese prazo non houbese resposta, entenderase que renuncia ao premio.

PREMIOS

Os premios serán entregados no acto público institucional que teña lugar o 8 de marzo, durante o cal as persoas gañadoras lerán os seus chíos.

Premios: 1 tablet

Colaboran:

Servizo de Normalización Lingüística
Concellería de Novas Tecnoloxías
Concellería de Educación